



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible



Cultivos enerxéticos en medio urbano: biocombustibles de elevada eficiencia enerxética

Parcela demostrativa da capacidade que o medio urbano pode ter para producir, de forma eficiente, parte dos biocombustibles que utiliza, sobre todo para uso térmico (calefacción e auga quente sanitaria-ACS).

A produción de enerxía renovable a través dos cultivos enerxéticos xestionados de xeito sostible pode ter as seguintes vantaxes medioambientais que contribúen a diminuír o efecto invernadoiro:

- Diminución das emisións de xofre.
- Diminución de partículas en suspensión (po).
- Emisións neutras de CO₂ sen contribuír ao efecto invernadoiro.

Superficie: 1 ha

Miscanthus x giganteus

Gramínea perenne de crecemento rápido que pode chegar a acadar os 4 m de altura.

Aprovéitase a cana despois da caída da folla no inverno. O clon empregado é o PICOPLANT.

Esta especie úsase na fabricación de papel, materiais de construción, como fixadora de nitróxeno, na recuperación de medios alterados por contaminantes, pero o seu uso principal é a produción de enerxía.

Presenta baixas necesidades de auga e fertilización e unha capacidade alta para fixar CO₂.




Populus spp.


Árbores de tronco recto e con facilidade para reproducirse por estacas.


Os clons empregados foron TRICHOBEL (*Populus trichocarpa*) e RASPALJE (*Populus x interamericana*). Teñen alta taxa de crecemento e eficacia na fixación de carbono atmosférico.


As plantacións de chopo para fins enerxéticos son realizadas a alta densidade co obxectivo de diminuír o custo de plantación e da colleita posterior.

Os cultivos enerxéticos de chopo colléitanse en parada vexetativa, cando as follas xa caeron ao chan, con rotacións de 2 a 4 anos.



 Silvicultura de frondosas autóctonas (Carballo, Cerdeira, Freixo, Pradairo)

 Cultivos enerxéticos (*Miscanthus*, *Populus*)

 *Miscanthus x giganteus*

 *Populus spp.*



lugobiodinamico.eu

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Impulsado por:



Financiado por:



Socios:



Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE